

Proxecto de Decreto/2025, polo que se regula o Marco Galego de Microcredenciais para o Traballo.

I

O principio 1 do Pilar Europeo de Dereitos Sociais (PEDS), asinado polo Consello, o Parlamento Europeo e a Comisión durante o Cume Social de Gotemburgo o 17 de novembro de 2017, horizonte cara á consecución dunha Europa social forte, xusta, inclusiva e chea de oportunidades establece o dereito de toda persoa a unha educación, formación e aprendizaxe permanente inclusivos e de calidade, a fin de manter e adquirir capacidades que lle permitan participar plenamente na sociedade e xestionar con éxito as transicións no mercado laboral. O principio 4 céntrase no dereito de toda persoa a recibir asistencia personalizada e oportuna a fin de mellorar as súas perspectivas de emprego ou traballo autónomo, que inclúe a axuda para a procura de emprego, a formación e a reciclaxe. En 2021 o Plan de Acción do PEDS, fixa como un dos seus tres obxectivos principais para 2030, en todo o ámbito da Unión Europea, que cada ano polo menos o 60 % das persoas adultas asistan a cursos de formación.

Correlativamente, a Recomendación do Consello do 16 de xuño de 2022 relativa a un enfoque europeo das microcredenciais para a aprendizaxe permanente e a empregabilidade, salienta a necesidade dun marco que garanta a calidade, transparencia e accesibilidade desas ferramentas formativas, respondendo á demanda de formas de educación e formación máis flexibles e centradas no alumnado. A súa implementación é esencial, dado que actualmente non existe en Europa unha regulación específica sobre microcredenciais no ámbito da formación para o emprego, sendo a normativa existente aplicable unicamente á formación profesional e á educación superior.

No plano estatal, o marco de competencias vén definido na Constitución Española, que no seu artigo 149.1.13^a, outorga ao Estado competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica. Coordinadamente, o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á nosa Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o fomento e planificación da súa actividade económica (artigo 30).

En exercicio das competencias constitucionais, as Cortes aprobaron a Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego, cuxo artigo 7.2 traslada o marco competencial prevendo a competencia das Comunidades Autónomas en materia de fomento do emprego.

O Título III da dita lei regula as Políticas Activas de Emprego como o conxunto de servizos e programas de orientación, intermediación, emprego, asesoramento para o autoemprego e o emprendemento e formación no traballo. Dentro do dito título, o artigo 33 establece que os principios, obxectivos e regulación da formación no traballo serán obxecto de regulación específica e enumera os fins aos que tal formación debe atender entre os que se atopan favorecer a formación ao longo da vida das persoas traballadoras

ocupadas e desempregadas, mellorar as súas competencias profesionais, contribuír á mellora da produtividade e competitividade das empresas e mellorar a empregabilidade das persoas traballadoras, especialmente das que teñen maiores dificultades de mantemento do emprego ou de inserción laboral.

A formación no traballo é, ademais, un dos servizos incluídos no Catálogo de servizos garantidos, regulados no artigo 56.

Neste ámbito debe ser considerado o Real Decreto 438/2024, de 30 de abril, polo que se desenvolven a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego e os servizos garantidos establecidos na Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego.

Na súa disposición adicional sexta o Real decreto recolle as microcredenciais para a aprendizaxe permanente e a empregabilidade, introducindo o marco da Recomendación do Consello da Unión Europea de 16 de xuño de 2022 e dispoñendo que o desenvolvemento das microcredenciais se integrará no marco da formación no traballo e consonte ao reparto de competencias en materia de formación no traballo, formación profesional e formación universitaria.

Tanto a lei como o real decreto citados invocan como título competencial para a regulación do fomento do emprego o previsto no artigo 149.1.13.^a da Constitución Española, sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Engadidamente, o Real Decreto 1375/1997, do 29 de agosto, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación, establece o alcance das funcións que Galicia está habilitada para asumir na xestión do traballo, emprego e formación, entre as que se atopa a formación para o emprego.

Polo que respecta ás competencias específicas da Comunidade Autónoma de Galicia, o noso Estatuto de Autonomía lle atribúe as de fomento e planificación da actividade económica en Galicia consonte as bases e a ordenación da actuación económica xeral.

Este título competencial habilita a aprobación do presente decreto, que se axusta ao marco normativo básico estatal anteriormente referido.

II

O dereito á formación ten unha vertente de mellora da empregabilidade que obriga aos responsables das políticas de emprego a poñer en marcha políticas activas dinámicas e innovadoras considerando o investimento nas persoas un motor eficaz de competitividade empresarial, cohesión social e progreso sostible. A concreción deste dereito para que sexa efectivo debe ter en conta os desafíos aos que como sociedade nos enfrontamos: a obriga de garantir un planeta habitable para as próximas xeracións, os retos aos que é necesario responder se queremos que a tecnoloxía se adecúe aos valores

que guían o noso desenvolvemento como humanidade ou as competencias que esixen profesións cada vez máis efémeras con novas, volátiles e masivas necesidades de capacitación. Se a todo iso engadimos unha demografía que alonga a vida laboral, a perspectiva é que a capacitación vai abarcar un período relevante da vida das persoas.

É necesario seguir profundando en políticas públicas dirixidas á implementación de medidas que promovan a adquisición, actualización e adaptación continua das competencias. Traballar no desenvolvemento das competencias profesionais configúrase, polo tanto, como unha necesidade urxente, indispensable para salvagardar o equilibrio entre a oferta e a demanda no mercado de traballo, fomentar a inclusión e competitividade económica, e asegurar a capacidade de resposta ante as esixencias dunha contorna laboral en constante transformación. Esta mellora das competencias profesionais constitúe un deber tanto individual como colectivo, porque a falta de competencias non só afecta as persoas, senón que tamén impón unha carga sobre o mercado laboral.

Neste escenario cómpre establecer mecanismos formativos que sexan áxiles, flexibles e accesibles, capaces de proporcionar á cidadanía as ferramentas necesarias para manterse competitiva nunha contorna laboral en constante cambio. As microcredenciais emerxen como a resposta máis adecuada a este desafío ofrecendo unha formación específica e certificada que permite ás persoas adquirir competencias puntuais que complementen as súas habilidades preexistentes e lles permita adaptarse con rapidez ás esixencias do mercado.

As microcredenciais son un recurso estratéxico para que as empresas poidan contar cunha man de obra cualificada e adaptable, capaz de responder de maneira áxil ás cambiantes demandas do mercado. Por iso a participación do tecido empresarial resulta indispensable para asegurar que estas ferramentas formativas respondan con precisión ás competencias e habilidades demandadas no mercado laboral actual. Así, establécese un marco de colaboración onde as empresas, xunto a outros axentes, contribúen a definir e validar os coñecementos e destrezas específicos necesarios para o desenvolvemento económico e social de Galicia, asegurando que as microcredenciais sexan efectivas, relevantes e aliñadas coas necesidades reais de capacitación.

Este decreto non só busca regular o desenvolvemento e a implementación de microcredenciais no sistema autonómico de formación para o traballo, senón que tamén pretende sentar as bases para unha transformación máis ampla e profunda do modelo formativo. Unha transformación, baseada na flexibilidade, a accesibilidade e a persoalización, que permita a cada persoa desenvolver plenamente o seu potencial, contribuíndo así ao progreso sostible e equitativo da nosa sociedade.

Con esta normativa, aspírase a consolidar un sistema de capacitación continua que non só prepare ás persoas, senón que tamén contribúa ao desenvolvemento e fortalecemento dos sectores produtivos, para os que o sistema de microcredenciais

constitúese como un recurso áxil e versátil permitíndolles integrar perfís especializados que respondan as esixencias específicas de cualificación e actualización tecnolóxica. Desta forma, os distintos sectores poderán mellorar a súa capacidade de adaptación e innovación, consolidando un tecido produtivo máis resiliente e competitivo, en liña cos obxectivos estratéxicos da Unión Europea para 2030.

En cumprimento da Recomendación do Consello do 16 de xuño de 2022 o presente decreto regula un marco común para o desenvolvemento e a implementación do Marco Galego de Microcredenciais para o Traballo (MGMT) establecendo principios orientadores para as persoas aprendientes, persoas empregadoras e o resto de axentes intervintes.

As microcredenciais atenden a estes fins a través de formacións breves e focalizadas dando unha solución áxil e flexible que permite unha adaptación rápida ás novas esixencias do mercado laboral, ofrecendo ás persoas traballadoras a posibilidade de manterse competitivas e preparadas para manter o seu emprego e mellorar a súa empregabilidade.

A catalogación da formación para o traballo como unha política activa ademais de como un servizo garantido, permite á Comunidade Autónoma de Galicia, aínda en ausencia dun marco común a nivel nacional, establecer un marco autonómico de microcredenciais para o traballo, en exercicio da competencia de xestión das políticas activas de emprego que estatutariamente ten atribuída.

Transcorridos xa máis de dous anos desde a publicación da Recomendación do Consello de Europa do 16 de xuño de 2022, relativa a un enfoque europeo das microcredenciais para a aprendizaxe permanente e a empregabilidade, a comunidade autónoma de Galicia considera necesaria unha regulación a nivel autonómico por entender moi relevante o desafío que temos nas sociedades actuais de actualizar e mellorar os coñecementos, capacidades e competencias da poboación e reducir a fenda entre a súa educación e formación formais e as necesidades dunha sociedade e un mercado de traballo en rápida evolución. Por iso, aprovéitase a oportunidade derivada da devandita Recomendación para abrir novas vías de formación e aprendizaxe tanto en diferentes maneiras como en diferentes contornas.

O decreto parte dunha definición de microcredencial flexible que garante diversidade e amplitude de opcións para os diferentes axentes do MGMT, á vez que impulsa a harmonización entre eles. Proporciona orientación específica sobre os requisitos de información crítica para as microcredenciais, co fin de maximizar a transparencia e a consistencia, e ademais delinear os estándares necesarios para facilitar o seu recoñecemento e portabilidade. O marco regulado prevé a implementación de mecanismos estandarizados para a emisión, rexistro e verificación das microcredenciais, promovendo a súa interoperabilidade e a súa integración no marco europeo. Tamén inclúe o aseguramento da pertinencia da aprendizaxe relacionando estreitamente o

coñecemento e as competencias das microcredenciais coas necesidades da industria, promovendo unha aprendizaxe orientada a resultados e contribuíndo á empregabilidade e o desenvolvemento profesional.

Por conseguinte, preténdese abordar unha regulación a través do presente decreto que será de aplicación ás microcredenciais desenvolvidas ao amparo do Marco Galego de Microcredenciais para o Traballo.

III

Este decreto estrutúrase en 5 títulos, que abarcan 51 artigos e dúas disposicións derradeiras.

O Título I, referido ás disposicións xerais, delimita o obxecto e ámbito de aplicación do decreto, establecendo a regulación do Marco Galego de Microcredenciais para o Traballo (MGMT). Ademais, define os fins do marco, como o impulso da aprendizaxe permanente, a mellora da empregabilidade e a cohesión territorial. Tamén establece os principios reitores do MGMT e asigna competencias á consellería competente en materia de políticas activas de emprego para a súa coordinación, supervisión e desenvolvemento.

O Título II regula as microcredenciais para o traballo, organizándose en tres capítulos. O primeiro establece as disposicións xerais sobre a súa natureza, configuración, contidos esenciais e criterios de calidade. O segundo capítulo describe o modelo de aprendizaxe asociada, incluíndo modalidades, duración e requisitos das experiencias formativas. O terceiro aborda o modelo de avaliación, destacando principios, métodos, certificación de competencias e mecanismos para a actualización dos procedementos de avaliación.

O Título III regula os axentes do MGMT, dividíndose en tres capítulos. O primeiro céntrase nas persoas aprendentes, definindo os seus dereitos e deberes en relación coa obtención e xestión das microcredenciais. O segundo capítulo aborda ás entidades xestoras de microcredenciais de formación no traballo regulando no artigo 29 os axentes de formación e no 30 as entidades emisoras, establecendo os seus dereitos, obrigas e estándares de calidade. Por último, o terceiro capítulo define o rol doutros axentes, como persoas empregadoras, axentes sociais e a Comisión Galega de Formación Profesional Continua, na identificación de necesidades e o uso estratéxico das microcredenciais.

O Título IV está dedicado ao sistema de calidade do MGMT. Regula os principios, obxectivos e mecanismos para asegurar a calidade das microcredenciais. Inclúe sistemas de garantía interna e externa, procedementos de auditoría e criterios de revisión periódica, todo iso enfocado en asegurar a validez, transparencia e pertinencia das competencias certificadas.

O Título V regula o sistema de información do MGMT, describindo os instrumentos dixitais que soportan o seu funcionamento, como o Portal Dixital de Microcredenciais, o Repositorio Activo de Microcredenciais para o Traballo (REMITGAL) e a Conta Persoal de Formación. Este título detalla as funcionalidades destes instrumentos, incluíndo a interoperabilidade, a xestión de datos e a protección da privacidade, co obxectivo de garantir o acceso e uso eficiente das microcredenciais.

Finalmente, a disposición derradeira primeira establece os termos para o desenvolvemento normativo e a implementación do decreto no marco das políticas activas de emprego en Galicia, e a disposición derradeira segunda establece a súa entrada en vigor.

IV

Desde o punto de vista da mellora da calidade normativa, este decreto adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia recollidos no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

No que respecta a os principios de necesidade e eficacia, trátase dunha norma necesaria para a regulación do Marco Galego de Microcredenciais para o Traballo, con base no enfoque europeo de microcredenciais. Este decreto responde á finalidade de implantar o devandito marco, reforzando así as oportunidades de aprendizaxe e de empregabilidade, sen alterar os sistemas de educación inicial, superior e de formación profesional, nin menoscabar ou substituír as cualificacións e titulacións existentes.

De acordo cos principios de proporcionalidade e simplicidade, o decreto contén a regulación esencial do Marco Galego de Microcredenciais para o Traballo, co obxectivo de atender a necesidade detectada e de crear un marco normativo estable e claro que facilite o seu coñecemento e comprensión.

En consonancia cos principios de seguridade xurídica e eficiencia, a norma resulta coherente co ordenamento xurídico vixente e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos.

Así mesmo, cumpre cos principios de transparencia e accesibilidade, tendo en conta que se identifica claramente o seu propósito e, durante o procedemento de tramitación, facilitouse a participación activa das persoas potencialmente destinatarias mediante un amplo trámite de consulta pública previa e a publicación do proxecto normativo no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Por último, este decreto dítase tendo en conta o establecido no artigo 40.2 da Constitución Española onde se establece que os poderes públicos fomentarán unha política que garanta a formación e a readaptación profesionais e tendo en conta o establecido no artigo 29 do Estatuto de Autonomía de Galicia, onde se atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación do Estado en materia laboral, así como as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito. En virtude do devandito título competencial, mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión levada a cabo polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación.

De conformidade co disposto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, corresponde a esta o exercicio das competencias e funcións relativas á xestión das políticas activas de emprego.

Na súa virtude, a proposta do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, oído o Consello Consultivo e tras a deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día ...

DISPOÑO:

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

O presente decreto ten por obxecto a creación e regulación do Marco Galego de Microcredenciais para o Traballo (en diante, MGMT), que se establece como o conxunto de disposicións normativas, procedementos e ferramentas orientados á estruturación, desenvolvemento, xestión e certificación de formación e das microcredenciais que a acreditan, promovidas e executadas por entidades e organizacións, tanto públicas como privadas, pertencentes a calquera sector de actividade, incluíndo empresas, asociacións profesionais, agrupacións industriais e demais agrupacións sectoriais ou profesionais.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. O presente decreto será de aplicación a toda a formación e as microcredenciais desenvolvidas, xestionadas e certificadas dentro do MGMT, dirixidas á cualificación, transición e adaptación profesional das persoas traballadoras, tanto ocupadas como desempregadas, co fin de mellorar a súa empregabilidade.
2. Así mesmo, será de aplicación ás entidades e organizacións, tanto públicas como privadas, que operen en calquera sector de actividade dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas empresas, asociacións profesionais, agrupacións industriais, agrupacións sectoriais ou profesionais e demais actores implicados na creación, implementación ou recoñecemento de microcredenciais para a formación continua das persoas traballadoras.
3. Quedan comprendidas no ámbito de aplicación deste decreto todas as accións e programas de aprendizaxe incluídos nas Políticas Activas de Emprego e non suxeitos a aprendizaxe formal que, cumprindo cos requisitos e procedementos establecidos neste regulamento, sexan susceptibles de xerar microcredenciais conforme aos criterios e estándares do MGMT, sempre que as ditas accións se orienten á mellora das competencias profesionais e á empregabilidade das persoas destinatarias.
4. As disposicións deste decreto non serán aplicables ás microcredenciais universitarias reguladas no artigo 37 do Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade, nin ás acreditacións dos graos A e B previstas na Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, ou normas que as substitúan.

Artigo 3. *Definicións*

Para os efectos deste decreto entenderase por:

1. Sistema galego de formación para o traballo: conxunto de normas, procedementos e ferramentas que, no marco das políticas activas de emprego, regulan e desenvolven o exercicio do dereito á formación das persoas traballadoras ocupadas e desempregadas co obxectivo de mellorar as súas competencias profesionais e favorecer o seu desenvolvemento profesional, e que comprende tanto aprendizaxes formais como as non formais reguladas neste decreto.
2. Aprendizaxe formal: aprendizaxe en contornas organizadas e estruturadas, dedicadas de xeito específico a aprendizaxe que dá lugar á concesión dunha cualificación, en forma de certificado ou de título, e abrangue os sistemas de ensinanza primaria e secundaria, de Formación Profesional en todos os seus graos, e as ensinanzas universitarias. Tamén están incluídos neste concepto o Catálogo de Especialidades Formativas do Servizo Público de Emprego Estatal.

3. Aprendizaxe non formal: calquera que teña lugar fóra do marco da educación e a aprendizaxe formais por medio de actividades planificadas respecto a obxectivos e tempo de aprendizaxe e na que hai algún tipo de apoio á aprendizaxe.
4. Contornas de aprendizaxe: conxunto de localizacións, espazos, ferramentas e contextos tanto físicos, como en liña, híbridos, virtuais e dixitais, nos que se desenvolva o proceso de aprendizaxe.
5. Portabilidade: capacidade da persoa titular dunha credencial de almacenar as súas microcredenciais nun sistema da súa elección, de transmitilas a unha organización da súa elección e de que todas as persoas participantes no intercambio poidan comprender o contido das credenciais e verificar a súa autenticidade.
6. Apilabilidade: posibilidade de reunir, cando proceda, diferentes microcredenciais e que complementen mutuamente dunha forma lóxica. As decisións de acumular ou reunir credenciais corresponden á organización destinataria (entidades intermedias, persoas empregadoras, etc.) en consonancia coas súas prácticas e deben respaldar os obxectivos e necesidades da persoa aprendizante. A acumulación non xera dereito a unha cualificación ou a un título.
7. Conta persoal de formación: instrumento a través do que as persoas traballadoras de Galicia poden ter acceso, xestionar e acumular o resultado da súa actividade formativa en termos de acreditacións, certificacións e microcredenciais, así como as competencias adquiridas coa mesma, que serán rexistradas no expediente laboral personalizado único.
8. Conta de aprendizaxe individual: trátase dunha conta persoal que permite á persoa titular acumular e conservar os seus dereitos ao longo do tempo para acceder ás oportunidades admisibles de formación, orientación ou validación de aprendizaxe que considere máis útiles, no momento en que o desexe.
9. Dereito de formación individual: o dereito a acceder a un orzamento persoal a disposición da persoa interesada para cubrir os custos directos de formación pertinentes para o mercado laboral, servizos de orientación e asesoramento, avaliación ou validación de capacidades que poidan optar ao financiamento.
10. Empregabilidade: conxunto de capacidades e cualificacións transferibles que reforzan a capacidade das persoas para aproveitar as oportunidades de educación e formación que se lles presenten con miras a atopar e conservar un traballo decente, progresar profesionalmente e adaptarse a evolución das tecnoloxías e das condicións do mercado de traballo.
11. ESCO (European Skills, Competences and Occupations): clasificación europea multilingüe de capacidades, competencias e ocupacións. Funciona como un dicionario que describe, identifica e clasifica as ocupacións profesionais e as capacidades relevantes para o mercado laboral e a educación e a formación da Unión Europea.

12. Resultados da aprendizaxe: enunciados que describen, en termos de obxectivos, as competencias e coñecementos ESCO, que un individuo debe saber, comprender e/ou ser capaz de facer ao rematar un proceso de aprendizaxe. Facilitan a transparencia e comparativa das cualificacións ao proporcionar un marco común para describir o seu contido e alcance, permitindo así unha mellor identificación das similitudes e diferencias entre elas.

13. Credencial dixital: representación dixital e verificable dun resultado de aprendizaxe que permite ás persoas mostrar as competencias e coñecementos adquiridos de forma segura e interoperable, facilitando a comunicación transparente das competencias das persoas traballadoras.

14. Axentes de formación: toda entidade, pública ou privada, legalmente constituída, que organice e/ou imparta accións formativas de curta duración conducentes á obtención dunha microcredencial para o traballo.

Artigo 4. Fins do Marco Galego de Microcredenciais para o Traballo

O marco regulado neste decreto garantirá un enfoque uniforme e coordinado en Galicia para o desenvolvemento de microcredenciais para o traballo, atendendo aos seguintes fins:

a) Establecer as directrices fundamentais para os axentes do MGMT, en relación co desenvolvemento, a impartición e a emisión de microcredenciais impulsando o seu recoñecemento e utilidade tanto no sistema de formación para o traballo como no mercado laboral.

b) Fomentar a aprendizaxe permanente, facilitando que as persoas aprendentes poidan tomar decisións informadas sobre a realización de microcredenciais ao seu propio ritmo e no lugar da súa elección, promovendo a flexibilidade no acceso á formación no traballo en Galicia.

c) Establecer unha definición unificada a nivel autonómico das microcredenciais para o traballo, que garanta a axilidade e a amplitude en beneficio das persoas aprendentes, persoas empregadoras e resto de axentes do MGMT, e que impulse a harmonización entre estes actores dentro do territorio galego.

d) Proporcionar orientacións específicas sobre os requisitos de información esenciais que deben cumprir todas as microcredenciais, co obxectivo de asegurar a transparencia e coherencia, así como detallar os estándares necesarios para o seu recoñecemento como microcredencial para o traballo en Galicia.

e) Regular principios comúns para todas as persoas e entidades interesadas que orienten o desenvolvemento e a impartición de microcredenciais no ámbito galego, promovendo o seu aliñamento coas necesidades locais de formación e emprego.

f) Asegurar que as microcredenciais contribúan á adquisición de competencias relevantes por parte das persoas aprendentes, vinculando estreitamente os coñecementos e habilidades adquiridos a través de ditas microcredenciais coas demandas do tecido produtivo, facilitando así a aprendizaxe continua e a mellora das oportunidades de emprego.

Artigo 5. Principios reitores do Marco Galego de Microcredenciais para o Traballo

1. O MGMT é un instrumento para o exercicio do dereito á formación para o traballo ao longo da vida de todas as persoas traballadoras, con independencia da súa situación laboral, sector ou ámbito profesional. A súa finalidade é facilitar a adaptación aos cambios profesionais e as transicións laborais, no marco das políticas activas de emprego, promovendo a cohesión social e territorial, e garantindo a igualdade de xénero.

2. As actividades e instrumentos que compoñen o MGMT rexeranse polos seguintes principios:

a) Accesibilidade universal e non discriminación: garantirase a igualdade de oportunidades no acceso aos servizos e programas dirixidos á obtención de microcredenciais, evitando calquera forma de discriminación. Así mesmo, poderán implementarse medidas de acción positiva para facilitar a inserción laboral de colectivos con especiais dificultades, así como para fomentar proxectos e programas que impulsen a recuperación e atracción de talento.

b) Participación: promoverase a participación activa de persoas traballadoras, persoas empregadoras e demais entidades, tanto públicas como privadas, nas actividades formativas. As persoas empregadoras poderán participar na planificación, programación e avaliación das microcredenciais, fomentando o seu uso como ferramenta estratéxica para a mellora da competitividade.

c) Atención ás necesidades do mercado de traballo e fomento da produtividade: promoverase a mellora das competencias profesionais das persoas traballadoras a través dunha formación axustada ás demandas do mercado laboral, reforzando o seu desenvolvemento persoal e profesional e favorecendo a súa empregabilidade. Ao mesmo tempo, impulsarase a produtividade e competitividade das empresas mediante unha formación flexible e axustada ás súas necesidades específicas.

d) Eficacia e eficiencia: asegurarse que a formulación e execución dos programas e proxectos en materia de microcredenciais respondan de maneira rápida e adecuada ás necesidades do tecido empresarial.

e) Activación da empregabilidade: impulsarase a creación de microcredenciais que, ademais da avaliación e certificación de competencias, inclúan servizos de orientación e tutorización personalizadas. Todo iso a través dunha oferta áxil e flexible, que facilite a

reciclaxe, a actualización de coñecementos e a recualificación, evitando a obsolescencia competencial da poboación activa.

f) Diálogo social: fomentárase a inclusión das microcredenciais na formación programada polas empresas como unha ferramenta áxil para atender as necesidades formativas inmediatas das empresas e das persoas traballadoras, coa participación da súa representación legal.

g) Proximidade: garantírase a calidade e pertinencia na detección das necesidades das persoas e empresas mediante un enfoque próximo e accesible, asegurando a adecuada prestación dos servizos vinculados ás microcredenciais.

h) Cooperación e coordinación: a programación, planificación e execución da formación vinculada ás microcredenciais estarán orientadas ao logro de obxectivos comúns. As entidades e administracións competentes deberán colaborar entre si, compartindo a información e facilitando a cooperación necesaria para asegurar a eficacia das accións.

i) Transparencia: a información pública relativa ás microcredenciais será accesible, salvo nos casos en que resulte necesario protexer dereitos ou intereses lexítimos, conforme á lexislación vixente. A consellería competente en materia de políticas activas de emprego divulgará dita información de maneira veraz, actualizada, obxectiva, comprensible e gratuíta, respectando os límites impostos pola protección doutros dereitos.

Artigo 6. Atribucións da consellería competente en materia de políticas activas de emprego

A consellería competente en materia de políticas activas de emprego será a responsable da coordinación, supervisión e seguimento do MGMT, asegurando a súa adecuada implementación e desenvolvemento, asumindo entre outras as seguintes funcións:

- a) Establecer as directrices estratéxicas e normativas para o funcionamento do MGMT.
- b) Aprobar os procedementos, requisitos e estándares necesarios para a emisión, xestión e certificación das microcredenciais nos termos previstos no presente decreto.
- c) Supervisar o cumprimento dos obxectivos do MGMT en relación coa mellora da empregabilidade, recualificación e mobilidade laboral das persoas traballadoras.
- d) Colaborar cos axentes económicos e sociais, entidades públicas e privadas, e organizacións sectoriais para garantir a aliñación do MGMT coas necesidades do mercado laboral.
- e) Impulsar as medidas necesarias para a avaliación e mellora continua do MGMT.

TÍTULO II

As microcredenciais para o traballo

Capítulo I

Disposicións xerais das microcredenciais para o traballo

Artigo 7. Microcredencial para o traballo

1. No MGMT a microcredencial para o traballo é unha certificación que acredita un coñecemento, unha capacidade ou unha competencia específicas adquirida a través dunha experiencia de aprendizaxe breve, estruturada e orientada ao mercado laboral.

A súa obtención está condicionada á superación dunha avaliación obxectiva baseada en criterios transparentes, centrada na competencia demostrada e non no tempo dedicado á aprendizaxe.

2. As microcredenciais reguladas no MGMT estarán destinadas á formación ao longo da vida das persoas traballadoras, tanto en situación de emprego como de desemprego, co fin de mellorar, actualizar, recualificar e adaptar as súas competencias profesionais. Ditas microcredenciais deberán facilitar a integración, permanencia e mobilidade das persoas traballadoras no mercado laboral, atendendo ás necesidades de cualificación requiridas nos diferentes sectores produtivos.

3. A credencial asociada, emitida por un provedor autorizado, presentarse en formato dixital verificable, garantindo a súa autenticidade, rastrexabilidade e portabilidade, e estará deseñada para mellorar a empregabilidade e o desenvolvemento profesional continuo.

Artigo 8. Criterios para a configuración da formación vinculada ás microcredenciais para o traballo

1. Co fin de maximizar a eficacia e o valor da formación e as microcredenciais que a acreditan, na configuración e desenvolvemento destas deberán respectarse os seguintes criterios que terán carácter vinculante:

a) Adecuación ás necesidades do mercado: as microcredenciais deberán aliñarse coas demandas actuais e emerxentes do tecido produtivo non cubertas pola oferta de aprendizaxe formal, garantindo que as capacidades, coñecementos e competencias adquiridas sexan pertinentes e aplicables no ámbito profesional. As capacidades, coñecementos e competencias acreditados deberán revisarse periodicamente para asegurar a súa pertinencia no contexto laboral, podendo requirirse a súa renovación ou actualización tras un determinado período de tempo.

b) Deseño orientado a necesidades específicas: as experiencias de aprendizaxe que conducen á obtención de microcredenciais estarán deseñadas para obter competencias específicas que respondan a carencias identificadas nos sectores produtivos ou a necesidades sociais, cumprindo cos estándares e esixencias do mercado laboral.

- c) Adaptación á aprendizaxe permanente: as microcredenciais deberán permitir ás persoas aprendentes seleccionar cursos axustados ás súas necesidades, aspiracións futuras e traxectorias profesionais, fomentando a cualificación e a recualificación nun contexto de evolución constante do mercado laboral.
- d) Transparencia: a formación vinculada ás microcredenciais deberá ser medible, comparable e comprensible, proporcionando información clara, accesible e detallada respecto do seu contido, carga de traballo, duración, requisitos de acceso, nivel de formación, oferta de aprendizaxe e os resultados de aprendizaxe esperados. Esta información deberá facilitar unha comprensión precisa por parte das persoas interesadas, permitindo unha valoración informada e obxectiva sobre a relevancia e utilidade da microcredencial.
- e) Calidade: a formación vinculada ás microcredenciais deberá cumprir cos estándares de calidade interna e externa establecidos neste decreto, garantindo un proceso formativo rigoroso e pertinente. Os mecanismos de garantía de calidade deberán ser adecuados á súa finalidade, estar documentados, ser accesibles e atender as necesidades das persoas aprendentes e partes interesadas.
- f) Flexibilidade: a formación vinculada ás microcredenciais deberá ofrecer mecanismos que permitan a súa realización de maneira adaptable ás circunstancias e dispoñibilidade das persoas facilitando o acceso en diversas modalidades e ritmos de aprendizaxe.
- g) Recoñecemento e acreditación: as microcredenciais deberán ser susceptibles de recoñecemento por parte de persoas empregadoras e entidades formativas, favorecendo o desenvolvemento profesional da poboación activa.
- h) Avaliación: as microcredenciais deberán incorporar mecanismos de avaliación transparentes, obxectivos e verificables que aseguren a adquisición efectiva das competencias previstas. A avaliación deberá estar aliñada coas competencias específicas dos sectores aos que se dirixe a microcredencial, baseándose en resultados de aprendizaxe medibles e avaliados individualmente.
- i) Certificación: as competencias adquiridas deberán ser certificadas mediante credenciais dixitais seguras e verificables, que garantan a autenticidade e rastrexabilidade dos logros alcanzados polas persoas que as realizaron.
- j) Portabilidade: as microcredenciais serán propiedade das persoas que recibiron a formación, permitíndolles mostrar os seus logros de forma efectiva e portátil ao longo da súa traxectoria profesional.
- k) Interoperabilidade: as microcredenciais deberán estar aliñadas coa Clasificación Europea de Habilidades, Competencias, Cualificacións e Ocupacións (ESCO), facilitando o seu recoñecemento e comparabilidade a nivel europeo. Así mesmo, as microcredenciais

emitiranse nun formato dixital compatible cos sistemas de certificación recoñecidos a nivel europeo.

2. O cumprimento destes criterios deberá garantir que as microcredenciais cumpran coa súa finalidade e respondan eficazmente ás necesidades dos sectores produtivos, así como das persoas traballadoras ocupadas e desempregadas de Galicia.

Artigo 9. Contidos esenciais da microcredencial para o traballo

1. As microcredenciais para o traballo expedidas ao amparo do presente decreto deberán acreditar, de maneira fidedigna, os coñecementos, competencias e habilidades adquiridas pola persoa receptora, co obxecto de fomentar a súa empregabilidade e garantir o recoñecemento das capacidades adquiridas en contextos de aprendizaxe non formal.

2. O formato para describir a microcredencial incluírá, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Identificación da persoa que recibe a microcredencial.
- b) Título da microcredencial con identificación clara da competencia, coñecemento ou capacidade acreditada.
- c) Lugar de expedición da microcredencial.
- d) Entidade ou institución responsable de expedir a microcredencial, incluíndo a súa razón social e identificador legal obrigatorio. No seu caso, deberá especificarse a colaboración con outras entidades certificadoras.
- e) Institución, organismo ou empresa na que se realiza a aprendizaxe ou se imparte a formación, incluíndo a súa razón social e identificador legal obrigatorio.
- f) Data de expedición, con indicación do día, mes e ano.
- g) Modalidade de aprendizaxe ou de formación cursada, xa sexa presencial, semipresencial, en liña, asíncrona ou calquera outra recoñecida.
- h) Carga de traballo teórica e práctica, indicando o número de horas que se estiman necesarias para alcanzar os resultados da aprendizaxe.
- i) Resultados da aprendizaxe, con descrición clara e precisa dos coñecementos, capacidades e competencias adquiridas pola persoa titular da microcredencial
- j) Métodos de avaliación empregados para determinar a adquisición das competencias, tales como probas teóricas, proxectos prácticos ou simulacións.
- k) Detalle dos mecanismos de garantía de calidade aplicados para asegurar a validez e fiabilidade da microcredencial.

Artigo 10. *Contidos complementarios da microcredencial para o traballo*

Co obxectivo de dotar de maior transparencia, confianza e recoñecemento ás microcredenciais, ademais da información prevista no artigo anterior, a entidade emisora poderá incluír nas microcredenciais:

- a) Requisitos previos para a inscrición, especificando os criterios e condicións que a persoa solicitante debeu cumprir para inscribirse e participar na actividade formativa que dá lugar á expedición da microcredencial.
- b) Mecanismos de supervisión e verificación da identidade durante a avaliación, indicando o procedemento empregado para a supervisión e verificación da identidade no proceso de avaliación, sinalando se esta é non supervisada e sen verificación de identidade, supervisada sen verificación de identidade, ou supervisada con verificación en liña ou presencial.
- c) Descrición detallada dos contidos impartidos durante o proceso formativo.
- d) Cualificación obtida, consignando a nota ou puntuación obtida tras a avaliación dos resultados de aprendizaxe.
- e) Outros datos relevantes que faciliten unha mellor comprensión do contexto de aprendizaxe e avaliación, tales como referencias a normativas específicas, códigos de autenticidade ou ligazóns a plataformas dixitais para a verificación da microcredencial.

Artigo 11. *Descrición dos resultados da aprendizaxe*

Co obxectivo de garantir unha descrición clara, precisa e estruturada das competencias e coñecementos adquiridos pola persoa titular, os resultados da aprendizaxe asociados a cada microcredencial para o traballo organizaranse en tres bloques de información diferenciados, consonte a seguinte estrutura:

- a) Obxectivos de aprendizaxe: breve descrición do obxectivo xeral da actividade formativa e a súa orientación cara ao desenvolvemento de coñecementos, capacidades e competencias relevantes no ámbito laboral para a mellora da empregabilidade e o desenvolvemento profesional da persoa titular. Este apartado deberá permitir identificar de forma comprensible as características esenciais dos resultados da aprendizaxe.
- b) Resultados específicos da aprendizaxe: breve descrición do que a persoa titular da microcredencial sabe, comprende e é capaz de facer ao finalizar a actividade. Especificarase:
 - i. Alcance e tipos de coñecementos, capacidades e competencias adquiridos.
 - ii. Complexidade ou nivel de profundidade da aprendizaxe.
 - iii. Ámbito de aplicación, indicando a contorna ou escenarios específicos onde se aplicarán as competencias.

c) Coñecementos, capacidades e competencias ESCO: enumeraranse os coñecementos, capacidades e competencias adquiridos pola persoa titular da microcredencial, asociados a cada resultado da aprendizaxe, utilizando a nomenclatura e estrutura de ESCO para clasificalos.

Artigo 12. Título da microcredencial para o traballo

1. O título da microcredencial para o traballo constitúe o soporte formal no que se consignan de maneira transparente e accesible a experiencia de aprendizaxe e os resultados obtidos pola persoa titular da mesma.
2. O título deberá emitirse nun formato seguro que garanta a súa conservación e facilite a súa comunicación por medios electrónicos.
3. O título será expedido como unha credencial dixital verificable, que facilite aos seus titulares transferir e exportar as súas credenciais de maneira dixital, permitindo o seu uso en diferentes contornas laborais, e asegurando a súa validez e recoñecemento en distintos contextos.
4. Este título é propiedade da persoa aprendizante, quen ostenta o dereito exclusivo de portabilidade, a través de dispositivos que faciliten a compartición da información que contén.
5. O título pode ser independente por cada microcredencial ou, alternativamente, acumularse nun formato modular que permita a agregación de varias microcredenciais nun único rexistro consolidado.

Artigo 13. Validez das microcredenciais para o traballo

1. Considérase microcredencial para o traballo válida, unicamente aquela que cumpra cos requisitos establecidos no prego técnico, deseñado pola consellería competente en políticas activas de emprego ou entidade na que delegue, e cuxa expedición fose realizada por unha entidade emisora debidamente acreditada para tal fin. As certificacións emitidas incumprindo estes termos carecerán de validez oficial e non poderán ser consideradas microcredenciais a efectos deste decreto.
2. As microcredenciais expedidas dentro do MGMT terán validez en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e poderán ser recoñecidas fóra da devandita comunidade conforme aos acordos ou convenios que se establezan con outras comunidades autónomas ou a nivel nacional.
3. O recoñecemento das microcredenciais fora do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia tamén poderá efectuarse a través de mecanismos de portabilidade e validación a nivel estatal ou internacional, conforme á lexislación aplicable.

Capítulo II

Experiencia de aprendizaxe

Artigo 14. Contidos e validación

1. As experiencias de aprendizaxe que conduzan á obtención dunha microcredencial desenvolveranse a través da modalidade de formación non formal.
2. Os contidos formativos deseñaranse polos axentes de formación previstos no artigo 29, para responder as necesidades do mercado laboral e poderán desenvolverse en colaboración con outras empresas, institucións e persoas expertas.
3. As experiencias de aprendizaxe non formal deberán someterse a mecanismos de validación que poidan determinar, documentar, avaliar e certificar os resultados da aprendizaxe da persoa que aprende. Os mecanismos de validación deberán garantir a fiabilidade e obxectividade na verificación dos coñecementos adquiridos.

Artigo 15. Modalidades formativas

